

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2004**

Ás 10.00 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no ANEXO I.

### **1. INFORME DO REITOR**

O Sr. Reitor informa de que procedeu a cesar, por pedimento propio, a D. Rafael Rodríguez Valero como Director do Departamento de Enerxía e Propulsión Mariña, con efectos económicos e administrativos do 20 de xuño. Logo de dar cumprimento ao disposto no artigo 45.3 dos Estatutos e oír ao Consello de Departamento, que foi informado da intención de nomear o profesor titular (ante a ausencia de catedráticos) máis antigo na categoría dentro da UDC e manifestou o seu acordo en escrito de data 17 de xuño, procedeuse a nomear a D. Evaristo Rodríguez Suárez como director en funcións. A consecuencia deste cesamento, D. Rafael Rodríguez Valero xa non forma parte do Consello de Goberno como representante de decanos/directores de centros/departamentos/institutos. Segundo o escrutinio que se recolle na acta da Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2002 os seguintes candidatos máis votados son, por orde: D. José María Barja Pérez, D<sup>a</sup>. Concepción Herrero López, D<sup>a</sup>. María José Martínez López, D<sup>a</sup>. María Dolores Candedo Gunturiz, todos eles xa membros do Consello, e D. Narciso de Gabriel Fernández. Este último é por tanto o novo membro do Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa de que, acolléndose ao acordo do Consello de Goberno de 20 de abril de 2004 procedeu á imputación a gastos do exercicio corrente dun conxunto de expedientes de gasto por importe total de 542.985,81 euros.

### **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA CELEBRADA O 28 DE MAIO DE 2004.**

Tras introducir unha modificación solicitada polo Sr. García-Pita y Lastres, **apróbbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 28 de maio de 2004.

### **3. ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN DE DOUTORAMENTO.**

A Secretaria Xeral informa de que, segundo dispón o artigo 52 dos Estatutos, “1. A Universidade da Coruña establecerá unha comisión de doutoramento, que estará formada por profesores doutores dos corpos docentes universitarios, de forma que estean representados os ámbitos científicos. 2. Os membros da comisión de doutoramento serán elixidos polo consello de goberno e nomeados polo reitor”. O 21 de decembro de 1999 foron elixidos na Xunta de Goberno catro membros que agora corresponde renovar. O procedemento é o seguido a última vez que se fixeron eleccións á Comisión de Doutoramento.

Seguindo o calendario e procedemento enviado coa convocatoria, preséntanse os seguintes candidatos: D. Javier Cudeiro Mazaira, D. Fermín Navarrina Martínez, D. Pedro López Gómez, D. Antonio Raúl de Toro Santos, D. Andrés Faíña Medín e D. José Ramón Cancelo de la Torre, , facéndose as proclamacións provisoria e definitiva. A Secretaria Xeral propón prescindir da votación nos sectores en que só se presenta un candidato, o que se aproba por asentimento, resultando elixidos D. Javier Cudeiro Mazaira, por Ciencias, e D. Fermín Navarrina Martínez, por Tecnolóxico. Tras proceder á votación nos sectores en que se presentan dous candidatos resultan elixidos D. Pedro López Gómez, por Humanidades, con 24 votos, e D. José Ramón Cancelo de la Torre, por Xurídico-Social, con 25.

#### **4. PROPOSTA DE EQUIPARACIÓN RETRIBUTIVA DOS DIRECTORES E SECRETARIOS DE INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN.**

O Sr. Reitor dá a palabra á Secretaria Xeral, quen informa dos antecedentes e das reunións mantidas cos directores e secretarios dos institutos.

**Apróbase** por asentimento que desde o 1 de xullo de 2004 os directores dos institutos universitarios de investigación da UDC pasarán a percibir o importe mensual do compoñente singular do complemento específico por desempeño do cargo previsto na Resolución de 2 de xaneiro de 2004, da Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos (BOE de 3 de xaneiro): 206,21 euros; e os secretarios dos institutos como coordinador de Curso de Orientación Universitaria: 134,31 euros.

#### **5. PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2003.**

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen advirte de que se corrixiu un erro do documento enviado coa convocatoria.

Ábrese un debate sobre a liquidación, en que interveñen os Sres. Pérez Roel, Arcay Varela, González-Cebrián Tello, Pérez Valcárcel e Núñez Sal, contestando o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

A proposta de liquidación do orzamento do ano 2003, incluída no **ANEXO II**, **apróbase** por asentimento.

#### **6. PRESENTACIÓN DO ANTEPROXECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2004.**

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa sobre o Anteproxecto do orzamento do ano 2004. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Núñez Sal, Pedreira Andrade, Blanco Filgueira, Candedo Gunturiz, Méndez Salgueiro, Pérez Valcárcel, Martínez López e os Sres. Vicerreitores de Investigación e de Estratexia e Planificación Económica.

Vótase a proposta resultando 26 votos a favor, 10 en contra e 7 abstencións.

O anteproxecto do orzamento do ano 2004 incluído no **ANEXO III apróbase** por maioría.

#### **7. PRAZAS DE PROFESORADO.**

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa unha a unha todas as prazas propostas. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. García-Pita y Lastres, Blanco Filgueira, Martínez Abella, Martínez López e Pedreira Andrade, contestando o Sr. Vicerreitor de Profesorado.

As prazas de profesorado incluídas no **ANEXO IV apróbanse** por asentimento.

#### **8. PROPOSTA DE REGULAMENTO DE USOS DO GALEGO NA UDC.**

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen informa sobre a proposta. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Villar de la Riera, Parrilla García, Blanco Filgueira, Pérez Roel, Martínez Abella, Puertas Agudo, Vidal Romani, Arcay Varela, Álvarez Sousa, de Gabriel Fernández, Martínez López e Candedo Gunturiz, contestando o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación.

Acórdase por asentimento introducir algúns cambios resultantes do debate no texto da proposta e traela ao próximo Consello de Goberno novamente para a súa consideración.

#### **9. CALENDARIO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO.**

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa sobre o calendario.

O calendario de estudos de doutoramento **apróbbase** por asentimento.

#### **10. PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS DE MÁSTERS E POSGRAOS.**

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa sobre as propostas de modificacións e creación de Másters e Posgraos.

As propostas **apróbanse** por asentimento.

#### **11. PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO.**

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa sobre a proposta de Premios extraordinarios de Doutoramento incluída no **ANEXO V**.

A proposta de Premios Extraordinarios de Doutoramento **apróbbase** por asentimento.

#### **12. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D<sup>a</sup>. MARÍA ELENA NOVO VIDAL CONTRA ACORDO DA COMISIÓN DE DOUTORAMENTO.**

O Sr. Reitor retira este punto da orde do día.

#### **13. ROGOS E PREGUNTAS.**

Trátanse temas varios de interese para a comunidade universitaria.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 16.00 horas.